

A continuación infórmase dos acordos da reunión en sesión ordinaria do Consello de Goberno, que tivo lugar o día 28 de setembro de 2022 na Sala 18 do Campus Remoto da Universidade de Vigo e no Paraninfo, que poden ser do seu interese:

- * Aprobación das actas correspondentes á sesión ordinaria do 28 de xullo de 2022 e á sesión extraordinaria do 07 de setembro de 2022.
- * Acordo sobre a ampliación de capital social en SIGMA e aceptación de novos membros, así como nomeamento de José Luis Míguez Tabarés como persoa encargadas do seguimento do acordo.
- * Aprobación do plan de medidas urxentes de aforro enerxético da Universidade de Vigo.
- * Aprobación das modificacións na normativa de actividades titoriais.
- * Aprobación das modificacións no Estatuto do estudiantado deportista na Universidade de Vigo.
- * Aprobación do Regulamento de Réxime Interno da Facultade de Historia.
- * Nomeamento de dous vogais da Comisión de Permanencia e Progreso:
 - Sector decanos/directores: Juan Picos Martín
 - Sector estudantes: Andrés Lois Graña Sánchez
- * Nomeamento dunha representante no Comité de Dirección da EIDO, polo sector estudantes no ámbito Científico:
 - Uxía Calviño Barreiro

O secretario xeral

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte á publicación da presente resolución, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.